

ANUNCIO

Faise público, para xeral coñecemento, que o Concelleiro delegado de Tráfico e Mobilidade do Concello de Ponteareas ditou o día 19 de setembro de 2020 a Resolución nº 2020-443 do seguinte literal:

“REGULACIÓN DO ACCESO, CIRCULACIÓN E ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NAS RÚAS ROGELIO GROBA GROBA, RÚA DE ORIENTE, PRAZA MAIOR, A CALEXA, RÚA DA ESPERANZA, A ARXENTINA, RÚA DO BARATILLO, PRAZA DA PERILLANA E PRAZA D .ENRIQUE RODRÍGUEZ TRONCOSO RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE TRÁFICO E MOBILIDADE

O Concello de Ponteareas conta con diferentes rúas e espazos de uso exclusivo ou preferente das peoas e dos peóns, o que implica a restrición de acceso de vehículos.

Coa finalidade de facilitar a circulación e o estacionamento de vehículos nesas rúas e espazos en casos xustificados, é preciso establecer aqueles supostos autorizábeis así como un procedemento de autorización e os correspondentes mecanismos de control.

O artigo 7.a) do Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, atribúelles aos concellos a competencia para a ordenación e control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías e mais a sanción das infraccións cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.

No exercicio das atribucións que ostento en materia de mobilidade, seguridade e transportes, por delegación da Alcaldía do 22 de xullo de 2019 e 17 de marzo de 2020,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e aplicar o sistema de control de accesos de vehículos ás rúas Rogelio Groba Groba, rúa de Oriente, Praza Maior, A Calexa, rúa da Esperanza, A Arxentina, rúa do Baratillo (tramo delimitado especificamente), praza da Perillana e praza D. Enrique Rodríguez Troncoso nas condicións recollidas no anexo a esta resolución.

Segundo. Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, conforme ao disposto no artigo 45.1 a) da Lei



39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Terceiro. Comunicarlles ás persoas interesadas que a resolución que se notifica pon fin á vía administrativa, ao abeiro do disposto no artigo 52.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime máis conveniente e conforme a dereito.

ANEXO

REGULACIÓN DO ACCESO, CIRCULACIÓN E ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NAS RÚAS ROGELIO GROBA GROBA, RÚA DE ORIENTE, PRAZA MAIOR, A CALEXA, RÚA DA ESPERANZA, A ARXENTINA, RÚA DO BARATILLO, PRAZA DA PERILLANA E PRAZA D. ENRIQUE RODRÍGUEZ TRONCOSO

I. ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN

O ámbito territorial de aplicación do presente decreto atinxe ás rúas e prazas seguintes: rúa de Rogelio Groba Groba, rúa de Oriente, Praza Maior, A Calexa, rúa da Esperanza, A Arxentina, rúa do Baratillo (tramo delimitado por sinalización específica), praza da Perillana e praza D.Enrique Rodríguez Troncoso.

II. NORMAS XERAIS

a) Prohíbese a circulación de toda clase de vehículos agás aqueles que contén con autorización municipal así como os indicados no apartado III.



b) Prohíbese o estacionamento de vehículos agás os autorizados por este decreto, que tan só poderán estacionar por tempo non superior a 15 minutos.

c) A velocidade máxima dos vehículos será de 10 km/h.

d) Os vehículos deben conceder prioridade ás persoas e estas poden utilizar toda a zona de circulación.

e) A sinalización vertical e horizontal regulará os accesos ás rúas obxecto deste decreto en coherencia con el. A vulneración das normas establecidas na dita sinalización dará lugar ás denuncias correspondentes por infracción do Regulamento xeral de circulación (Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro) e, de conformidade co ordenamento vixente, facultará o/a concelleiro/a delegado/a a retirar a autorización concedida ou á non renovación desta por un período de até tres anos.

III. SUPOSTOS AUTORIZADOS

1. Vehículos en propiedade, arrendamento financeiro (*leasing*), ou cedidos por empresa a persoa con relación laboral, nos seguintes casos:

a) Residentes: persoas propietarias ou arrendatarias da vivenda

b) Persoas usuarias de prazas de garaxe non residentes: persoas propietarias ou arrendatarias

c) Non residentes titulares dunha actividade

d) Organismos ou entidades oficiais con sede nas rúas e prazas sinaladas

2. Vehículos de persoas que prestan servizo a residentes para os seus desprazamentos por circunstancias xustificadas (enfermidade, problemas de mobilidade ou dependencia, etc.).

3. Autotaxis en servizo, vehículos destinados á extinción de incendios, Policía, servizos de urxencia e vehículos municipais destinados á prestación de servizos públicos. Permítese a libre circulación de vehículos autotaxis en servizo de recollida ou destino nesas rúas, de vehículos destinados á extinción de incendios, Policía, e demais servizos de urxencia, actuando como tales, e vehículos municipais destinados á prestación de servizos públicos.

4. Outras posíbeis persoas usuarias O resto das posíbeis persoas usuarias do sistema (cerimonias civís e relixiosas, eventos culturais ou deportivos, mudanzas, etc.) que non contén con autorización anual poderán obter autorización especial, logo de solicitude en modelo normalizado na



que se achegarán os seguintes datos: marca, modelo e matrícula do vehículo, motivos da solicitude, día, horarios e duración do acceso á zona restrinxida.

5. Carga e descarga de mercadorías

Os vehículos dedicados ao transporte de mercadorías deberán realizar as súas tarefas de carga e descarga nos lugares e horarios habilitados para tal fin nas zonas restrinxidas.

6. Persoas con mobilidade reducida

As persoas que dispoñan da autorización específica para o estacionamento en prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida poderán acceder ás rúas obxecto do presente decreto e estacionar, igualmente por un tempo máximo de 15 minutos, nas zonas destinadas especificamente á carga e descarga de mercadorías.

IV. Procedemento para a obtención de autorización

1. Residentes con vehículo en propiedade:

Requisitos para a obtención da autorización (que serán comprobados pola administración):

- a) Empadramento da persoa interesada en rúa de acceso restrinxido
- b) A persoa interesada disporá de permiso ou licenza de condución.
- c) O vehículo autorizado disporá de permiso ou licenza de circulación e o nome e enderezo da persoa titular deberá coincidir co que figure no empadramento.
- d) O vehículo autorizado deberá ter superada a inspección técnica de vehículos, deberá contar co seguro de subscripción obrigatoria vixente e deberá estar de alta no padrón do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica do Concello de Ponteareas e estar ao corrente do seu pagamento.

Documentación que se deberá presentar:

- a) Solicitude en modelo normalizado
- b) Copia do DNI. As persoas estranxeiras achegarán a tarxeta de residencia, o pasaporte ou o documento análogo que acredite a personalidade e mais a súa residencia legal.



2. Residentes en réxime de arrendamento financeiro (*leasing* ou *renting*)

Requisitos para a obtención da autorización (que serán comprobados pola administración):

- a) Empadramento da persoa interesada en rúa de acceso restrinxido
- b) A persoa interesada disporá de permiso ou licenza de condución.
- c) O vehículo autorizado deberá ter superada a inspección técnica de vehículos e deberá contar co seguro de subscrición obrigatoria vixente.

Documentación que deberá presentar:

- a) Solicitud en modelo normalizado
- b) Copia do DNI. As persoas estranxeiras achegarán a tarxeta de residencia, o pasaporte ou o documento análogo que acredite a personalidade e mais a súa residencia legal.
- c) Copia do contrato de *leasing* ou *renting*
- d) Copia da póliza do seguro do vehículo, na que deberá constar a persoa interesada como condutora habitual.

3. Residente usuario/a de vehículo de empresa coa que mantén relación laboral contractual

Requisitos para a obtención da autorización (que serán comprobados pola administración):

- a) Empadramento da persoa interesada en rúa de acceso restrinxido
- b) A persoa interesada disporá de permiso ou licenza de condución.
- c) O vehículo autorizado disporá de permiso ou licenza de circulación.
- d) O vehículo autorizado deberá ter superada a inspección técnica de vehículos e deberá contar co seguro de subscrición obrigatoria vixente.

Documentación que se deberá presentar:

- a) Solicitud en modelo normalizado
- b) Copia do DNI. As persoas estranxeiras achegarán a tarxeta de residencia, o pasaporte ou o documento análogo que acredite a personalidade e mais a súa residencia legal.
- c) Documento estendido pola empresa no que se acredite que a persoa solicitante é a única e exclusiva usuaria do vehículo, que está autorizada para dispoñer deste fóra da súa xornada laboral e que o uso do vehículo



tributa como retribución en especie para os efectos da declaración da renda das persoas físicas.

d) Copia auténtica da póliza do seguro do vehículo, na que deberá constar a persoa interesada como condutora habitual.

4. Persoas usuarias de garaxes

Requisitos para a obtención da autorización (que serán comprobados pola administración):

a) A persoa interesada deberá ser propietaria ou arrendataria dunha praza ou máis prazas de garaxe nalgunha das rúas obxecto deste decreto.

b) A persoa interesada disporá de permiso ou licenza de condución.

c) O vehículo autorizado disporá de permiso ou licenza de circulación e o nome e enderezo da persoa titular deberá coincidir co que figure no documento de propiedade ou arrendamento.

d) O vehículo autorizado deberá ter superada a inspección técnica de vehículos e contar co seguro de subscripción obrigatoria vixente.

Documentación que se deberá presentar:

a) Solicitud en modelo normalizado

b) Copia do DNI. As persoas estranxeiras achegarán a tarxeta de residencia, o pasaporte ou o documento análogo que acredite a personalidade e mais a súa residencia legal.

c) Documento que acredite ser a persoa propietaria ou arrendataria dunha praza de garaxe situada na zona de acceso restrinxido.

d) No suposto de que posúa o vehículo en réxime de arrendamento financeiro, deberá achegar a documentación esixida no apartado 2.

e) No suposto de que o vehículo sexa cedido pola empresa na que traballa, deberá achegar a documentación esixida no apartado 3.

5. Titulares de actividades non residentes

Requisitos para a obtención da autorización (que serán comprobados pola administración):

a) A persoa interesada deberá ser titular dunha actividade na rúa con acceso restrinxido ou participe da sociedade ou persoa xurídica titular da licenza de actividade.

b) A persoa interesada disporá de permiso ou licenza de condución.



c) O vehículo autorizado disporá de permiso ou licenza de circulación e o nome e enderezo da persoa xurídica ou física titular do vehículo deberá coincidir coa persoa xurídica ou física titular da actividade.

d) O vehículo autorizado deberá ter superada a inspección técnica de vehículos e contar co seguro de subscrición obrigatoria vixente.

Documentación que se deberá presentar:

a) Solicitud en modelo normalizado

b) Copia auténtica do DNI (ou CIF, no caso de persoas xurídicas). As persoas estranxeiras achegarán a tarxeta de residencia, o pasaporte ou o documento análogo que acredite a personalidade e mais a súa residencia legal.

c) Se o vehículo é propiedade de persoa física e a titular da actividade é persoa xurídica, achegarse calquera documento que acredite a relación societaria entre a persoa titular do vehículo e a sociedade ou persoa xurídica titular da actividade.

d) No caso de vehículo de persoa xurídica ou sociedade, achegarse a copia auténtica da póliza do seguro do vehículo, na que deberá constar a persoa interesada como condutora habitual.

6. Organismos ou entidades oficiais (vehículos oficiais)

Requisitos para a obtención da autorización (que serán comprobados pola administración):

a) Situación da sede ou oficina do organismo en rúa de acceso restrinxido

b) O vehículo autorizado disporá de permiso ou licenza de circulación.

c) O vehículo autorizado deberá ter superada a inspección técnica de vehículos e deberá contar co seguro de subscrición obrigatoria vixente.

d) Código de identificación fiscal.

Documentación que se deberá presentar:

a) Solicitud en modelo normalizado

b) Copia do DNI da persoa que actúa en representación da administración solicitante.

7. Necesidades especiais

Terán dereito de acceso os vehículos destinados a asegurar a mobilidade de persoas de avanzada idade ou con condicionantes de mobilidade que, residindo na zona afectada, precisen ser recollidas ou trasladadas mediante un vehículo e non se atopen nos supostos anteriormente regulamentados.



Requisitos para a obtención da autorización (que serán comprobados pola administración):

- a) Empadramento da persoa de avanzada idade ou con condicionantes de mobilidade en rúa de acceso restrinxido
- b) A persoa interesada que exercerá a función de axuda deberá acreditar a relación que a une á persoa residente.
- c) A persoa interesada disporá de permiso ou licenza de condución.
- d) O vehículo autorizado disporá de permiso ou licenza de circulación e o nome e enderezo da persoa titular deberá coincidir co da persoa interesada que exercerá a función de axuda.
- e) O vehículo autorizado deberá ter superada a inspección técnica de vehículos e contar co seguro de subscripción obrigatoria vixente.

Documentación que se deberá presentar:

- a) Solicitud en modelo normalizado
- b) Copia do DNI da persoa residente. As persoas estranxeiras achegarán a tarxeta de residencia, o pasaporte ou o documento análogo que acredite a personalidade e mais a súa residencia legal.
- c) Copia do DNI da persoa que presta a súa axuda á persoa residente.
- d) Copia do libro de familia, se aquelas persoas que recollan ás persoas interesadas son fillos/as e, de non selo, declaración da persoa interesada na que manifieste que a persoa cuxo vehículo e DNI achega na solicitude será a encargada da súa mobilidade.

V. PROCEDEMENTO PARA A COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓNS E PARA A RENOVACIÓN DA AUTORIZACIÓN

As persoas titulares de autorizacións están obrigadas a comunicarlle ao Concello de Ponteareas, no prazo máximo de quince días hábiles, calquera modificación respecto á titularidade do vehículo, residencia da persoa propietaria e demais datos ou circunstancias tidas en conta na concesión da autorización. De non se comunicar as modificacións operadas, as autorizacións perderán a súa eficacia e validez dende a data na que variasen as circunstancias.

O prazo para a presentación das solicitudes de renovación das autorizacións, que terán carácter anual, será do 1 ao 15 de decembro.

As solicitudes de renovación faranse no correspondente modelo normalizado, no que se indicará se variaron as circunstancias para o outorgamento da autorización inicial e, no caso de que estas variasen,



achegarase a documentación correspondente conforme ao indicado no punto IV deste decreto.

VI. ACREDITACIÓN E EXHIBICIÓN DA AUTORIZACIÓN

O control de acceso implementarase mediante cámaras de lectura de matrículas. Mentres o dito sistema non se atope operativo, entregaráselles ás persoas autorizadas o correspondente distintivo que se deberá levar no vehículo, colocado no interior do parabrisas dianteiro no ángulo inferior dereito, de xeito que sexa visíbel desde o exterior, ou, en lugar visíbel, no caso de vehículos sen parabrisas.

O distintivo conterá os seguintes datos: período de vixencia (ano natural) e matrícula do vehículo autorizado.

O uso indebido do distintivo, ademais de dar lugar á correspondente infracción do Regulamento xeral de circulación (Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro), poderá, de conformidade co ordenamento vixente, facultar o/a concelleiro/a delegado/a a retirar a autorización concedida ou á non renovación desta por un período de até tres anos.

No caso de extravío ou perda da acreditación da autorización, deberá comunicárselle de inmediato ao Concello.”

O concelleiro delegado de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera Covas, en virtude da delegación de competencias efectuada pola Alcaldía

(Documento asinado electronicamente)

